

# DOMINGO I DE ADVENTO

## PRIMEIRA LECTURA

**¡Ai, se racháse-lo ceo e baixases!**

Lectura do libro do profeta Isaías 63, 16b-17. 19b; 64, 2b-7

Ti, Señor, e-lo noso pai, o «noso Redentor desde sempre» é o teu Nome.

¿Por que, Señor, nos deixaches descarrear lonxe dos teus vieiros, e fíxeches endurece-lo noso corazón apartándose do teu respecto?

¡Cambia de actitude por amor dos teus servos, por amor das tribos da túa herdanza!

¡Ai, se racháse-lo ceo e baixases! Coa túa presenza rebulirían os montes.

Baixaches, e coa túa presenza tremeron os montes: unha cousa que desde antigo nunca se oíra, pero certo que se nos fixo escoitar:

O ollo non viu fóra de ti ningún deus, que tal lle faga a quen espera nel.

Atopácheste co que se alegraba e practicara a xustiza, cos que se lembraban de ti nos teus vieiros.

Velaquí: estabas enfadado porque pecamos, pero estaremos sempre nos teus vieiros e salvarémonos.

Todos nós fomos coma un impuro, e toda a nosa xustiza coma a roupa da menstruante.

Todos nós murchamos coma a folla, e as nosas iniquidades leváronnos coma o vento.

Non había quen invocase o teu nome, quen espertase para acollerse a ti, porque ti escondícheno-la túa cara, e alagáchesnos co lote das nosas culpas.

Pero agora, Señor, ti e-lo noso Pai. Nós sómo-lo barro e ti e-lo oleiro, pois obra das túas mans somos todos nós.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 79, 2ac e 3b. 15-16. 18-19 (R.: 4)**

R.: Restáuranos, Deus, que brille o teu rostro e seremos seremos salvos.

Escoita, pastor de Israel,  
ti que sentas sobre os querubíns, resplandece,  
esperta o teu poder e ven salvarnos. **R.**

Vólvete, Deus dos exércitos,  
olla desde o ceo e fíxate,  
ven visita-la túa viña,  
a videira que plantaches coa túa man,  
o bacelo que ti fortaleciches. **R.**

Que a túa man protexa o teu elixido,  
o home que ti fortaleciches.  
Non nos afastaremos máis de ti;  
danos vida de novo,  
e invocáremo-lo teu nome. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Esperámo-la manifestación do noso Señor Xesús Cristo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios 1, 3-9

Irmáns:

Desexámosvos gracia e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Cristo.

Non paro de lle dar gracias a Deus por vós, pola gracia de Deus que se vos deu por medio de Cristo Xesús.

Porque por medio del quedastes ricos en todo, nos dons da palabra e do coñecemento: e así confirmouse solidamente entre vós o testemuño en favor de Cristo. De xeito que non carecedes de ningún don, mentres agardáde-la revelación do Noso Señor Xesús Cristo.

El é quen vos manterá firmes deica a fin, para que ninguén vos poida acusar de nada no día do Noso Señor Xesús Cristo. Deus é fiel e foi El quen vos chamou á comunidade do seu Fillo Xesús Cristo, noso Señor.

Palabra do Señor.

### **Aleluia Sal 84, 8**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Amósanos, Señor, a túa misericordia, e dáno-la túa salvación.

Aleluia.

## **EVANXEO**

### **Estade á espreita: non sabedes cando vai chega-lo señor da casa**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 13, 33-37

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Estade á espreita e atentos, que non sabedes cando será o momento.

É coma un home que foi ó estranxeiro, deixando a casa e maila facenda nas mans dos seus criados, encargándolles a cada un o que tiña que facer; e ó porteiro ordenoulle que velase.

Vixiade vós, polo tanto, pois non sabedes cando chegará o amo da casa: se á tardiña ou con noite pecha, se co canto do galo ou no amencer. Non vaia ser que chegue de repente, e vos atope durmindo.

E o que vos digo a vós, tamén llelo digo a todos: ¡Estade en vela!»

Palabra do Señor.

# DOMINGO II DE ADVENTO

## PRIMEIRA LECTURA

### Preparate o camiño do Señor

Lectura do libro do profeta Isaías 40, 1-5. 9-11

Consolade, consolade o meu pobo: —dío o voso Deus.—

Faládelle ó corazón de Xerusalén; si, dicídelle ben alto que a súa milicia está cumprida, que a pena pola súa culpa está aceptada. Si, xa recibiu da man do Señor o dobre por tódolos seus pecados. Unha voz clama: «No deserto preparádelle o camiño ó Señor.

Endereitádelle na estepa a calzada ó noso Deus. Que todo val sexa levantado, que todo monte e outeiro sexa rebaixado; que a terra fragosa se volva unha chaira; e as ladeiras, un val achanzado. Pois vaise revela-la gloria do Señor, e toda carne verá o Único.

Falou a boca do Señor.» Sube a un monte alto, mensaxeira de Sión, levanta con forza a túa voz, mensaxeira de Xerusalén, levántaa, non teñas medo. Dilles ás cidades de Xudá: «Velaí o noso Deus.»

Velaí o meu Señor que chega con poder; si, o seu brazo domina. Velaí a súa paga con el, o seu xornal diante del. Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño, recólleo co seu brazo, leva ós añiños no seo e protexe os que aínda mamanan.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 84, 9ab-10. 11-12. 13-14 (R.: 8)**

**R.:** Amósanos, Señor, a túa misericordia, e dáno-la túa salvación.

Escoitarei o que di o noso Deus:  
certamente o Señor fala de paz.  
A salvación está xa preto dos que o temen,  
a gloria habitará na nosa terra. **R.**

A misericordia e a fidelidade atoparanse,  
abrazaranse a xustiza e maila paz.  
Na terra xermolará a fidelidade,  
a xustiza ollará desde o ceo. **R.**

O Señor ha da-lo seus bens,  
e a nosa terra vai da-los seus froitos.  
A xustiza camiñará diante del,  
e a salvación seguirá as súas pegadas. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Esperamos uns ceos novos e unha terra nova

Lectura da segunda carta do apóstolo san Pedro 3, 8-14

Benqueridos irmáns:

Que non vos esqueza unha cousa: que para o Señor un día élle coma mil anos; e mil anos sonlle coma un día. Non está retrasando Deus o cumprimento do que prometeu, aínda que algúns o crean así: o que pasa é que ten paciencia convosco, porque non quere que ninguén pereza senón que a todos lles dea tempo a se converteren.

Máis ben o día do Señor virá coma un ladrón: daquela os ceos desaparecerán con estrondo; os elementos disolveranse abrasados de calor; e a terra e tódalas obras que hai nela nin se atoparán.

Xa que todo isto se ha disolver desta maneira, ¡con que santo xeito e prácticas de piedade tedes que vivir mentres esperades e suspirades pola chegada do día de Deus!

Porque é neste día cando os ceos incendiados se han disolver e os elementos abrasados de calor se han derreter.

Pero nós, conforme á súa promesa, esperamos un ceo novo e unha terra nova, onde exista a xustiza.

Por iso, meus amigos, mentres agardades isto, collede a peito que El vos atope en paz, sen tacha nin defecto.

Palabra do Señor.

### **Aleluia Lc 3, 4. 6**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Preparade os camiños do Señor  
enderezade os seus carreiros;  
todos verán a salvación de Deus.

Aleluia.

## **EVANXEO**

### **Endereitade os vieiros do Señor**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 1,1-8

Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías:

«Mira, mándoche por diante un mensaxeiro,  
para que prepare o teu camiño;  
voz de quen clama no deserto:  
"Preparade o camiño do Señor,  
endereitade os seus vieiros."»

Presentouse Xoán Bautista no deserto, pregoando un bautismo de conversión para perdón dos pecados. E ía onda el xente de toda a rexión de Xudea e tódolos de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán.

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguideiro de coiro arredor do van, e mantiñase de saltóns e mel bravo.

E proclamaba:

—«Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, diante de quen non son digno de prostrarme para lle desata-los amallós do seu calzado. Eu bauticeivos con auga, pero el havos bautizar no Espírito Santo.»

Palabra do Señor.



# DOMINGO III DE ADVENTO

## PRIMEIRA LECTURA

### Alegrareime con grande gozo no Señor

Lectura do libro do profeta Isaías 61, 1-2a. 10-11

O Espírito do Señor, Deus, está sobre min, porque o Señor me unxiu. Mandoume anuncia-la boa nova ós pobres, cura-los de corazón esnaquizado, proclamarlles ós cátivos o indulto e ós presos a liberación, e promulgar un ano de gracia do Señor e o día do rescate do noso Deus.

Exulto ledicioso no Señor, e a miña alma relouca no meu Deus, por me vestir con roupas de salvación e me envolver co manto da xustiza, coma noivo cinguido con coroa, coma noiva que se adorna coas súas xoias.

Pois, como a terra fai saí-los seus gromos, e como un horto fai brota-las súas sementeiras, así o Señor fará brota-la xustiza, e a loanza ante tódolos pobos.

Palabra do Señor.

### Salmo responsorial Lc 1, 46-48. 49-50. 53-54 (R.: Is 61, 1Ob)

R.: A miña alma exultará no Señor, meu Deus.

Proclama a miña alma a grandeza do Señor,  
alégbraseme o espírito en Deus, o meu Salvador.  
Porque reparou na humillación da súa escrava. R.

Desde agora chamaranme ditosa tódalas xeracións,  
porque fixo marabillas en min o Poderoso;  
o seu nome é Santo.  
A súa misericordia chega xeración tras xeración  
a tódolos que o temen. R.

Os famentos encheunos de bens,  
e os ricos despediunos baleiros.  
Amparou a Israel, o seu servo,  
lembrándose da súa misericordia. R.

## SEGUNDA LECTURA

### **Gardade a vosa vida, o voso espírito, o voso corpo para a chegada do Señor**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses

5, 16-24

Irmáns:

Estade sempre alegres. Orade constantemente. Dade gracias en tódalas ocasións: que isto é o que Deus quere de vós como cristiáns.

Non apaguéde-lo Espírito; non desprecéde-las palabras inspiradas.

Examinádeo todo e agarrádevos ó que é bo.

Afastádevos de toda especie de mal.

Que o Deus da paz vos santifique totalmente: que todo o voso ser — espírito, alma e corpo— se conserve indemne na Parusía do noso Señor Xesús Cristo.

Pois o que vos chama é fiel, hao facer.

Palabra do Señor.

### **Aleluia Is 61, 1 (cit. en Lc 4, 18)**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

O Espírito do Señor está sobre min: mandoume anuncia-la boa nova ós pobres. Aleluia.

## EVANXEO

### No medio de vós está aquel a quen non coñecedes

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 1, 6-8. 19-28

Houbo un home mandado por Deus: o seu nome era Xoán.

Este veu de testemuña para dar testemuño da luz, para que todos cresen por el.

Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da luz.

E este é o testemuño de Xoán cando os xudeus lle mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para lle preguntar:

—«¿Ti quen es?»

El declarou e non negou. Declarou:

—«Eu non son o Cristo.» Preguntáronlle:

—«Entón ¿quen es ti? ¿Es Elías?» Contestou:

—«Non son.»

—«¿E-lo profeta?» Respondeu:

—«Non.» Daquela dixéronlle:

—«¿E, logo, quen es? Para que lles poidamos dar unha resposta ós que nos mandaron. ¿Que dis de ti mesmo?» El dicía:

—«Eu son a voz do que clama no deserto: "Endereitade o camiño do Señor" (como escribira o profeta Isaías).»

Algúns dos mandados eran fariseos e preguntáronlle:

—«Entón ¿por que bautizas, se non es ti o Cristo nin Elías nin o profeta?»

Xoán respondeulles:

—«Eu bautizo con auga; mais entre vós está quen vós non coñecedes; o que vén detrás miña e eu non son merecente de lle desata-lo amalló da sandalia.»

Todo isto pasou en Betania, pola outra banda do Xordán, onde estaba Xoán bautizando.

Palabra do Señor.

# DOMINGO IV DE ADVENTO

## PRIMEIRA LECTURA

### O reino de David permanecerá para sempre diante do Señor

Lectura do segundo libro de Samuel 7, 1-5. 8b-12. 14a. 16

Despois que o rei David se instalara na súa casa e que o Señor lle dera a paz cos seus inimigos do arredor, díxolle o rei ó profeta Natán:

—«Repara que eu estou habitando nunha casa de cedro, mentres a arca do Señor habita nunha tenda.» Natán respondeulle ó rei:

—«Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo.»

Pero, aquela mesma noite, veulle a Natán esta palabra do Señor:

—«Vai e dille ó meu servo David: "Isto di o Señor: ¿Vasme edificar ti unha casa para que eu habite nela? Eu saqueite dos pasteiros, de detrás dos rabaños, para que fóse-lo xefe do meu pobo Israel; estiven contigo en todo o que emprendiches e arredei os teus inimigos diante de ti. Eu dareiche un nome tan sonado coma o nome dos grandes da terra.

Eu vou destinar un lugar para o meu pobo Israel e vou plantalo alí, para que viva nel sen sobressaltos, sen que os fillos da iniquidade volvan asoballalo, como noutrora, no tempo en que puxen xuíces sobre o meu pobo Israel. Eu dareiche a paz cos teus inimigos todos e, ademais, o Señor anúnciache que el che dará unha dinastía.

Cando se cumpran os teus días e vaias durmir con teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino. Eu serei para el un pai e el será para min un fillo.

A túa familia e o teu reino permanecerán na miña presenza para sempre, o teu trono manterase firme eternamente."»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 88, 2-3. 4-5. 27 e 29 (R.: cf. 2a)**

**R.:** Cantarei eternamente a misericordia do Señor.

Quero cantar por sempre o amor do Señor,  
pregoar polas xeracións a súa fidelidade:  
«Penso que o teu amor está fundado co mundo,  
a túa fidelidade asentada cos ceos.» **R.**

«Co meu elixido asino unha alianza,  
ó meu servo David fágolle un xuramento:  
"Afincarei a túa liñaxe para sempre,  
construireiche un trono duradeiro."» **R.**

El dirame: «Ti es meu pai,  
meu Deus, rocha da miña salvación.»  
Gardareille o meu amor eternamente  
e a miña alianza con el será leal. **R.**

**SEGUNDA LECTURA**

**O misterio escondido desde sempre, agora manifestouse**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **16, 25-27**

Irmáns:

A aquel que é potente para vos añunzar no meu Evanxeo e no anuncio de Xesús Cristo, conforme a revelación do misterio escondido durante tempos eternos, pero manifestado agora polas Escrituras proféticas, e por disposición do Deus eterno dado a coñecer a tódalas nacións para as levar á obediencia da fe, a Deus, o único sabio, por medio de Xesús Cristo, sexa a gloria para sempre. Amén.

Palabra do Señor.

## **Aleluia Lc 1, 38**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.  
Velaquí a escrava do Señor,  
cúmprase en min o que dixeches.  
Aleluia.

## **EVANXEO**

### **Velaí que vas concibir no teu ventre e dar a luz un fillo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 1, 26-38

Naquel tempo, Deus mandou o anxo Gabriel a unha cidade de Galilea, chamada Nazaret, onde unha virxe prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé. O nome da virxe era María.

O anxo entrou onde estaba ela, e díxolle:

—«Alégrate, chea de gracia, o Señor está contigo.» Ela turbouse con estas palabras e cavilaba no que podería significa-lo saúdo aquel. Díxolle entón o anxo:

—«Non teñas medo, María, porque acadaches gracia ante Deus. Velaí que vas concibir no teu ventre e dar á luz un fillo, poñerás de nome Xesús. El será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.»

Díxolle María ó anxo:

—«¿Como vai acontecer iso, pois eu non coñezo varón?»

O anxo respondeulle:

—«O Espírito Santo ha de baixar sobre ti, e o poder do Altísimo hate de cubrir coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí te-la túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.»

Entón María dixo:

—«Velaquí a escrava do Señor, cúmprase en min o que dixeches.» E o anxo marchou de onda ela.

Palabra do Señor.